



SESIÓN VERMÚ

CONCERTO HOMENAXE A JOSÉ GIL

VILAGARCÍA, sábado 2 decembro 2023

Elaborado e dirixido por **Jesús Nogueira Franco**

Interpretado pola **Banda de Música de Vilagarcía de Arousa**

Hora: 13:00 a 14:00

Lugar: **Auditorio Municipal**



PRÓLOGO

José Gil ademais de cineasta era un melómano empedernido. Dende cativo viviu enxergado coa música na parroquia de Rubiós, a través do cura párroco Evaristo Serra e a mítica **Banda de música de Rubiós** que ensaiaba ao carón da súa casa. Gil afinaba pianos, tocaba o violín, sabía construír órganos de igrexa e compoñer música. Nas primeiras fotografías que tirou abundan os grupos musicais e no logotipo impreso das súas fotos figuraba unha lira en lugar da tópica paleta de pintor.

As súas fillas tamén cantaban e tocaban o piano e o violín. Sempre sonaba a música na casa familiar, como podemos comprobar na visita da gran violinista internacional Cristeta Goñi reflectida nas fotografías en “*Vida gallega*” (1909). Así mesmo, foi un acompañamento imprescindible dos filmes silentes que proxectaba nos cinemas que xestionou, onde tamén ofertaba concertos radiofónicos. Ata o fin dos seus días teimou por construír un filme musical en colaboración co músico José Iglesias Sánchez en 1933.

O programa do concerto está baseado nas achegas que apareceron ao longo da investigación e son pezas acreditadas que Gil escoitou ao longo da súa vida ou gardan relación co cineasta. Pretenden ser un programa de 60 minutos que poderíase titular “*As músicas de Gil*”. A programación e a duración dependen moito do repertorio propio e a interpretación de cada agrupación musical. O obxectivo do concerto é achegarse á vida de Gil a través da música.

PROGRAMA:

1.- “*Cantigas e Agarimos*” de Bernardo del Río Parada, Vilagarcía, (1893-1952). Música popular galega que evoca a aldea e a humilde casa onde nace José Gil en Rubiós (As Neves) en 1870, así como os seus inicios na Banda popular da súa patria da infancia, percorrendo festas e romarías do Condado e Paradanta. Con este pasodobre composto polo arousán Bernardo de Río, invitámosvos a que imaxinedes esa Galicia tradicional, illada e pouco desenvolta industrialmente, pero na que alboradas e e muiñeiras resoaban polas montañas, vales e congostras do país galego hai 150 anos. Tamén coma unha homenaxe a inxente cantidade de músicos populares que mantiveron a música tradicional galega no século XIX.

2- “*Cabalaría lixeira*” de Franz Von Suppé. Viena, (1819-1895). Aquel mozo tímido e soñador trasládase a Mondariz, a quince quilómetros de Rubiós. Imos a evocar a súa estadía de mozo no mítico Balneario de Mondariz; imaxinamos os paseos da xente elegante que frecuenta aquel sofisticado ambiente balneario; escritores como Rosalía ou Pardo Bazán, Isaac Peral, ministros, banqueiros, políticos ou empresarios, saúdanse cortesmente, mentres no palco, a banda do balneario interpreta música selecta procedente de Europa. Imos a evocar ese tempo da *belle époque*, coa peza do compositor vienés Franz Von Suppé, moi escoitada a fins do XIX. Aquí o noso protagonista, un rapaz de aldea, toma contacto co mundo exterior e as músicas cultas de todo o planeta descubrindo a modernidade, mentres aprende o oficio fotográfico no entorno de Mondariz.

3.-”*Alborada*” de Pascual Veiga. Mondoñedo, (1842-1906). Cara fin do século XIX, as adormecidas cidades galegas espertan e medran grazas o ferrocarril que comeza a vertebrar Galicia. Son os tempos do rexionalismo e a reivindicación da nosa cultura e tradición pero mirando cara a cara ao resto das culturas europeas. Tamén a música culta desenvolve unha mirada propia, baseada nas raíces da música galega.

Con esta inmortal *Alborada* de Veiga evocamos o descubrimento de Galicia polo XA fotógrafo Gil en Lugo, Ourense, Vigo, etc, a través do tren. Todas as artes en Galicia agroman e procuran a modernización a comezos do século XX. Aos poucos, a popularidade do noso protagonista vai en aumento. Xa é un dos fotógrafos mais recoñecidos do país.

4.-“*Autumn Leaves*” de Joseph Kosma. Hungría, (1905-1969). De todas as cidade galegas, o noso protagonista escollerá Vigo para asentarse definitivamente. Con esta peza pretendemos homenaxear á modernidade de Vigo na década de 1910-1920. Gil vive e trunfa na gran urbe viguesa á que chegan todas as novidades a través do mar: cine, jazz, teléfono, coches Ford, tranvías, barcos, radio, etc. Gil comeza a filmar películas coa súa cámara Gaumont. A peza evoca a vida trepidante da cidade olívica e tamén a súa relación con América a través dos novos aires de ragtime e jazz procedentes do continente americano. Ao tempo, moitas das películas filmadas por Gil en Galicia viaxan ata os cinemas de Bos Aires, Habana ou Montevideo. Por vez primeira (1912), América tamén coñece Galicia a través do cinema. Imos evocar eses anos trepidantes nos que se forxou a cidade olívica e nos que José Gil tiña o mundo aos seus pés.

5.-“*Balada Galega*” de Juan Montes. Lugo, (1840-1899). Lembramos aquí as tres fillas de José Gil. María, Rosa e Pepita, que interpretaban unha e outra vez pezas de Mozart ou Chopín co violín e o piano perfectamente afinados por Gil. Era unha casa feliz e melómana, chea de risas, xogos e música. Mais a morte entrará na casa e levará as tres rapazas, aos 18 anos, por mor da tuberculose, As tres visitas da morte enchen a casa de sombras e dor infinita no corazón do cineasta, ata a súa aniquilación persoal e profesional pola perda dos seus “tesouros” como chamaba ás nenas.

6.-“*Ammerland*” de Jacob de Haan. Holanda (1959). Evocamos a profunda melancolía de José Gil na súa estadia en Pontearreas, mentres aínda segue a vivir na escuridade pola perda das fillas. Pasa moitas tardes vendo filmes das súas nenas mortas no seu propio cine. Como afirmaba na publicidade “*Ninguén morre si lle filma unha película*”. Lentamente vai saíndo da negrura na que estaba instalado. Pouco a pouco, o cinema axúdao a revivir e erguerse de novo. Filmar será o seu refuxio, o único que o fai feliz; o cineasta rexurde como Ave Fénix.

7.-“*Mozos do Penedo*” de Manuel Novoa. Rubiós, As Neves (1911-1973). Evocamos aquí a afouteza de Gil a pesares da traxedia persoal vivida. Adícase ao cinema en exclusiva e retorna como cineasta a Vigo. Será o único profesional galego que vivirá da produción de películas ata ben entrado o século XX. Filmar faille esquecer a súa tristura e a vida retorna aos poucos. Semella que ten gañada a inmortalidade que outorga o cinema. A canción evoca a súa resiliencia ata que aquela tristeza profunda esvaece lentamente grazas ao cinema. Será o seu refuxio e o alento para vivir ate a chegada do cine sonoro.

8- “*Jesús de las Penas*” de Antonio Pantión Pérez. Sevilla, (1898-1974).) Pero a puntilla para Gil será a xeneralización do cinema sonoro. Xa ninguén gusta desas antigallas que facía de cine mudo e pouco a pouco vai ficando só, sen que a ninguén lle interesa o seu traballo. O día 1 de xaneiro de 1937 fina José Gil, arruinado e case en soidade en Vigo aos 67 anos. Ao día seguinte fixo a súa derradeira viaxe en coche nunha sinxela caixa de pino para reunirse definitivamente coas súas adoradas fillas no cemiterio de Pereiró. O enterro foi moi modesto e con escasa asistencia popular.. Pero nesta ocasión acompañáremolo con esta marcha procesional *Jesús de las Penas*. A música pretende acompañar o cortexo fúnebre do cineasta.

9.- “*Himno galego*”. Pascual Veiga. Mondoñedo, (1907-1988). Escoitado por Gil en numerosos actos ao longo da vida. Representa o amor que Gil sentía pola súa patria a partir do “*cinema rexional Galego*”. A peza recupera a súa memoria no Olimpo da cultura galega.

Twitter: [@josegilcinema](#) Instagram: [@josegilcinema](#) Facebook.: [@josegilcinema](#)

Youtube: [@josegilcinema](#) Tiktok: [@josegilcinema](#)

Mastodon: [@mastodon.gal@josegilcinema](#)

www.josegilcinema.gal

